



---

# REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

---

## REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240  
[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org) / [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)

### CONVOCATORIA

#### **Presentación de dous libros sobre Barriga Verde**

Mañá, **xoves, 18 de setembro, ás 20:00 horas**, na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos (sede da Deputación de Lugo) terá lugar o acto de presentación destas dúas publicacións, coa participación dos seus autores, arredor da figura de Barriga Verde:

*-Morreu o demo, acabouse a peseta*

*- José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde*

#### **Morreu o demo, acabouse a peseta**

Con esta frase remataban os espectáculos do último títere tradicional galego. O seu nome, Barriga Verde, resoa aínda na memoria de moitas persoas, mais o boneco e as formas daquel espectáculo corren o risco de caer no esquecemento. Este libro-DVD é un primeiro achegamento a este mundo, onde os textos de diversos autores complementan as imaxes do documental de Pedro Solla no que Barriga Verde e os seus parentes europeos cobran vida. Subtitulado en sete linguas

O libro conta con textos de Comba Campoy, Germán Hermida, Xaime Iglesias, Marcelo Martínez, Pedro Solla e Toni Rumbau, e con ilustracións de Heitor Real. O documental (con versións en galego, castelán, portugués, checo, francés, inglés e italiano) foi dirixido por Pedro Solla e contou cunha axuda á produción da AGADIC e a participación da TVG S.A.

#### **José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde**

Autor: Xaime Iglesias González

José Silvent Martínez non naceu en Galiza, pero respirou aires galegos desde novo. Acadou unha popularidade sen precedentes cun espectáculo ambulante, que percorreu festas e romarías, no que os monicreques, sinaladamente o heroe Barriga Verde, eran o elemento máis atractivo. A presente publicación, elaborada con agarimo e rigor, trata de dar a coñecer a vida, arte e realizacións deste titiriteiro, sen dúbida, o máis popular da nosa terra durante o século pasado, que, polas súas excepcionais calidades persoais e artísticas, converteuse no mítico Barriga Verde para o público, que o aplaudía afervoadamente, así como para boa parte dos bonequeiros galegos.

Lugo, 17 de setembro de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo